



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Juan Francisco Ferreira González (1 para 1)
Alcalde Presidente do Concello de Gondomar
Data da Sanatura: 24/03/2017
HASH: a5eead4cfeeed11aa703385bd71a6d



B/A.X./P./PS-02/17

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DO PROCEDIMENTO SELECTIVO, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE, PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES (3) AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL PARA A TEMPADA DE VERÁN 2017 (6 MESES)

Primeira.- Obxecto da Convocatoria

Ten por obxecto a presente convocatoria a contratación laboral temporal de TRES AUXILIARES DA POLICÍA LOCAL, categoría profesional auxiliar, dada a necesidade de incrementar transitoriamente o cadro de persoal adscrito ao corpo da Policía local deste Concello, durante a tempada de verán do 2017, con funcións propias da súa categoría profesional na Policía local de Gondomar, tales como as de apoio e auxilio aos membros do corpo de Policía local, nos termos establecidos no artigo 95 lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policias locais de Galicia e no marco do disposto na lexislación de corpos e forzas de seguridade.

Dito persoal non poderá realizar funcións que impliquen o exercicio da autoridade e non poderá portar armas.

A contratación que derive do procedimento selectivo será en réxime laboral temporal, baixo a modalidade de contrato eventual por circunstancias da produción previsto no artigo 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/95 polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e 3.1 do Real Decreto 2720/98 de desenvolvemento do anterior, durante un prazo máximo de SEIS MESES e estará dotada coas retribucións correspondentes ao seu grupo de titulación que figurán nos orzamentos municipais correspondentes ao ano 2017.

O presente proceso selectivo rexerase polo establecido nestas bases, e, para o non previsto nas mesmas estarase ao disposto na Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de Policía Locais, para a integración dos vixiantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixiantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada; ademais do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policias Locais; así como pola Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policias Locais e demás normativa xeral de aplicación.

Segunda.- Sistema de selección

Establécese o sistema de OPOSICIÓN LIBRE.

Tercera.- Condicións dos aspirantes

Poderán tomar parte no procedimento selectivo os aspirantes que reúnan os seguintes requisitos referidos todos e cada un deles a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes de participación:



Cod. Validación: 64DKT4CWPXK623WB62ADHGF | Corrección: http://concellodegondomar.sedelectronica.gal/

Documento assinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 1 a 8



B/A.X./P./PS-02/17

- a) Ser español/a. Os/as nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, das persoas incluidas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España en los que sexa de aplicación á libre circulación de traballadores, e os extranxeiros con residencia legal en España poderán acceder nos termos establecidos no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos os dezaoito (18) anos de idade.
- c) Estar en posesión da certificación de ter superada a EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA. TÍTULO DE GRADUADO ESCOLAR OU EQUIVALENTE, correspondente ó actual grupo C, Subgrupo C2 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias .
- d) Posuir unha estatura mínima de 1,65 m os homes e 1,60 m as mulleres. Este requisito acreditarase mediante declaración xurada sen prexuízo da sua posterior constatación.
- e) Non ter sido condenado/a por delicto doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o/a aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.
- f) Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- g) Non ter ningunha enfermidade ou defecto, físico ou psíquico, que impida o exercicio das funcións.
- h) Ter ingresado a taxa por participación en proceso selectivo de 25,98 €, que se abonarán dentro do prazo de presentación de solicitudes mediante ingreso ou transferencia na conta de Abanca, da que é titular o Concello de Gondomar, número: ES 17 2080 5035 07 3040011300.

Cuarta.- Instancias e admisión

As instancias solicitando tomar parte no procedimento selectivo, nas que os aspirantes deberán manifestar, que reúnen todas e cada unha das condicións que esixe a base anterior, e conter os datos personais do solicitante coa seu endereço e teléfono de contacto, dirixiranse ao Presidente da Corporación e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou a través da sede electrónica, durante o prazo de dez días naturais, contados a partir da publicación desta convocatoria no ATLÁNTICO DIARIO, nos termos esixibles ao abeiro do art. 47 do Decreto 243/2008, no Taboleiro de Anuncios do Concello, e sen perxuízo da súa publicación da páxina web municipal.

Poderán tamén presentarse na forma determinada na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de non presentarse directamente no Rexistro Xeral do concello, o candidato deberá dirixir por fax, ao nº 986 36 08 75, unha copia da instancia, con anterioridade ao remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, aos efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos.





B/A.X./P./PS-02/17

As instancias acompañaranse de orixinais ou copias compulsadas de:

- DNI
- Titulación mínima esixida
- Declaración xurada de posuir unha estatura mínima de 1,65 m os homes e 1,60 m as mulleres, non estar incuso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade prevista na lexislación vixente, nin de haber sido condenado/a por delicto doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial, así como de non ter ningunha enfermidade ou defecto, físico ou psíquico, que impida o exercicio das funcións.
- Xustificante de ter ingresada a taxa por participación no proceso selectivo.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde-Presidente dictará resolución que será publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal, indicando a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos.

Concédere un prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro, para a corrección por parte de quen fose excluido/a dos defectos a que alude o art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como para promover a recusación dos membros dos órganos de selección, segundo o establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

As reclamacións que se presenten serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprueba a lista definitiva, que será publicada de igual forma que a provisional, contendo a designación dos membros do Tribunal cualificador, o lugar, día e hora da celebración do 1º exercizo da oposición.

Os sucesivos anuncios publicáranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal

Quinta.- Oposición. Probas selectivas

Ao comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos da Policía Local: 1,65 m. para os homes e 1,60 m. para as mulleres.

Consistirá na realización dos seguintes exercicios de acordo co disposto no artigo 47 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro e no anexo VII da Orde de 28 de xaneiro de 2009 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza na materia, as probas a realizar na fase de oposición (apartado A) e o temario sobre o que versarán (apartado B) son as que se describen a continuación:

A) PROBAS SELECTIVAS

A.1.- *Probas de aptitude física.*





B/A.X./P./PS-02/17

Probas físicas

As probas físicas calificaranse de APTO/A-NON APTO/A. Para obter a cualificación de APTO, os/as aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

A.1.1. Potencia tren inferior: salto vertical.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O/A aspirante colocarase en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará cos dedos a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto coma poida, marcando novamente cos dedos o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberan observar as seguintes regras:

- Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonlllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.
- Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.
- Permitíense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou más
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Mulleres	32 cm	28 cm	25 cm

A.1.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos:

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarase na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permitirá un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou más
Homes	4',30''	5',00''	5',15''
Mulleres	5',00''	5',30''	5',45''





B/A.X./P./PS-02/17

Proba teórico-práctica.

Inclúe a realización das seguintes probas:

a) *Proba de coñecementos:*

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes debe amosar o dominio dos contidos do temario.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal, podendo establecerse si se estima convinte preguntas de reserva. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba calificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N = (A-F/3)/5$, sendo N= Nota final; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respondidas.

O temario desta proba é:

- 1.- O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
- 2.- Ordenanzas, regulamentos e bando. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
- 3.- A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
- 4.- Lei de coordinación de policias locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Régime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
- 5.- A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
- 6.- A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidad ambiental, residuos e disciplina ambiental.
- 7.- Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables. Autores e cómplices.
- 8.- Delitos contra a seguraza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
- 9.- Lei de seguraza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
- 10.- Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamenos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguraza.
- 11.- Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orden de prioridade. Carencia do seguro obligatorio.
- 12.- A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.





B/A.X./P./PS-02/17

b) Proba específica sobre o coñecemento do termo municipal e da toponimia local:

Consistirá en contestar por escrito durante un período de 30 minutos a 15 cuestiós propostas polo tribunal e, relacionadas co coñecemento do termo municipal de Gondomar. Esta proba puntuarse de 0 a 3 puntos, e para aprobarlo deberase obter 1.5 puntos.

c) Coñecemento da lingua galega:

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación por parte do Tribunal, de que os aspirantes comprenden, falan, escriben correctamente o galego, someténdoos ás probas que consideren máis axeitadas para tal comprobación. Esta proba cualificarse como apto ou non apto e nela garantizarse o anonimato dos aspirantes.

Nembargantes, as persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega, con carácter previo e de maneira normativamente establecida (Celga 3 ou equivalente) daráselles por superada esta proba de cualificación.

A puntuación final estará determinada pola cualificación obtida polos aspirantes na proba de coñecemento do temario e do termo municipal e toponimia local.

As cualificacións dos aspirantes aprobados serán o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do Tribunal ou a determinada de común acordo pola totalidade do seus membros e serán publicadas no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Non será preciso publicar a puntuación dos que non alcanzaron o mínimo esixido, sendo suficiente facer constar esta circunstancia, o que determinará a súa eliminación, sen prexuízo da súa constancia nas actas que se levanten ao efecto e no expediente e que poderán ser examinadas polos interesados/as.

Sexta.- Tribunal cualificador

Os membros do Tribunal será designados polo Alcalde segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/91, do 7 de xuño, e art. 4 do Decreto 121/95, do 20 de abril, da Xunta de Galicia. Será de aplicación o sinalado no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de Policía Local.

De conformidade co disposto no artigo 4. e) do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, os vogais deberán posuir unha titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para acceder ás prazas convocadas e terán voz e voto.



Cod. Validación: 64DFTC3WP0G623WB24DHGF | Corrección: http://concellodondonmar.gal/electronica/ps/ | Página 6 a 8
Documento assinado electrónicamente desde a plataforma xestión e-Publico | Páginas 6 a 8



B/A.X./P./PS-02/17

Os membros dos tribunais deberán abstenerse de intervir, comunicándolle ao Alcalde cando concurra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do sector público, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, consonte ao disposto no artigo 13.2 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do sector público.

O Tribunal cualificador deberá constituirse na data que designe o Presidente, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros do tribunal, titulares ou suplentes.

Na sesión constitutiva de cada Tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas. A partir da sesión de constitución o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presencia da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao establecido na lexislación vixente.

Sétima.- Calificación definitiva, relación de aprobados e constitución dunha bolsa de sustitutos

A puntuación final e a orde dos aspirantes aprobados estará determinada pola suma das puntuacións obtidas nos exercizos da oposición. Determinada a cualificación final dos aspirantes o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal.

A contratación efectuarase por resolución motivada da Alcaldía logo da proposta do Tribunal que proponerá aos candidatos que máis puntuación obtivesen do máximo posible. Para efectuar esta proposta, o Tribunal poderá pedir informes ou asesoramentos técnicos que teña por convenientes.

O/a aspirante proposto/a aportará no negociado de Persoal do Departamento de Administración Xeral, dentro do prazo de seis días naturais dende que se publique no Taboleiro de Anuncios do Concello, os documentos acreditativos da capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Os restantes candidatos que houberan superado todos os exercizos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que os seleccionados non asinen o contrato no prazo que se lle sineal ou ben renunciasen ao posto.

Oitava.- Publicidade das bases

As presentes bases, expoñeranse ao público no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal, durante o prazo de presentación de instancias, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxerencias, en base á publicación obligatoria da convocatoria do devandito procedemento selectivo no ATLÁNTICO DIARIO, nos termos esixibles ao abeiro do art. 47 do Decreto 243/2008. No suposto de presentación de reclamacións non se suspenderá o prazo de presentación de instancias para a participación na oposición e a selección non se demorará.



Cod. Validación: 84DKT4C3WPXK6235WK24DHCFCorrección: <http://concello.gondomar.es/electonica/gav>

Páxina 7 a 8



CONCELLO
de
GONDOMAR
(Ponferrada)

B/A.X./P./PS-02/17

A presente convocatoria, e cantes actos administrativos se deriven dela, e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola lei.

Novena.- Curso de formación

O/A aspirante que supere o proceso de selección deberá participar nun curso de formación que desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública, salvo no caso de que teña certificado de asistencia ao devandito curso, que estará exento desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no art.48.2º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de Coordinación de Policias Locais.



Cod. Validación: 64DKT4C3WPXK25WK24D1CF Correción: http://concello.gondomar.es/electronica/gav

Documento emitido electrónicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 8 a 8